

CONCELLO
DE VIGO




CVRIOSIDADES





CURIOSIDADES SOLITA É UN PROXECTO CULTURAL QUE SE DESENVOLVE OS VENRES DE XULLO E AGOSTO NO QUE A PROTAGONISTA É A MÚSICA EN DIRECTO DE PEQUENO FORMATO, NUN ENCLAVE, VILLA SOLITA, REHABILITADO POLO CONCELLO DE VIGO PARA RECUPERAR UNHA PARTE DO NOSO PATRIMONIO E HISTORIA DA CIDADE E CONVERTELO NUN ESPAZO DE ENCONTRO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E ARTÍSTICAS.





3 DE XULLO

OS BARB OSAS



Creado en Maia en 2019, OS BARBOSAS é un acto tan complicado como a propia vida.

Punk rock de cancións rápidas e tolas, onde a guitarra acústica enfróntase a unha batería rápida, e onde a letra percorre todo o imaxinario do mozo suburbano: referencias á cultura popular, estilo de vida «nerd», sobre ser un fracasado confiado ou sobre preferencias gastronómicas.

As cancións falan de libros («La Maldición de la Isla del Rey Lagarto»), modas de internet («Viejo en las Obras»), dilemas gastronómicos («Prego») ou pura frustración sen sentido («QSLIXISTO»). A nota dominante: enerxía, alegría e positivismo.

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h



10 DE XULLO



FURANCHOL LOGY



Furanchology é un power trío que mestura psicodelia, soul e jazz instrumental con moita personalidade propia. Composicións propias, groove constante e esa sensación de viaxe sonora que vai medrando tema a tema. Formados oficialmente en 2023 pero con moita traxectoria ás costas, Xurxo Estévez (baixo), Brais Lorenzo (batería) e Manu Díaz (guitarra) constrúen un directo que bebe do rock psicodélico e do jazz eléctrico dos 60 e 70... pero que tamén se deixa contaminar por funk, punk, cumbia e todo o que pase polo seu filtro creativo.

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h



17 DE XULLO

GANDHI BOXING CLUB



Gandhi Boxing Club nace en Vigo en 2020, cun puñado de cancións e unha maqueta caseira. Formado por Alba á voz, Fabio á guitarra, Eoin ao baixo, Ángel na trompeta, Fran ao trombón e Pato á batería, plantexan unha aposta clara e nada sinxela: temas propios, cantados en castelán, mesturando estilos e formas segundo o que pida o corpo. Ningún tabú á hora de mesturar, experimentar, contradecirse. E sen perder nunca a sonrisa nos contrastes. De ahí o nome.

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h



24 DE XULLO

FROM ASHES TO DUST



From ashes to dust é un dúo DIY de Vigo que transformamos as nosas emocións e os nosos pensamentos máis profundos en cancións. Usamos as nosas propias experiencias e vivencias para xerar unha reacción emocional nas persoas que nos escoitan. Podemos ser violentos, delicados, emocionais, pesados pero sobre todo intensos. Abarcamos un amplo espectro de xéneros musicais, desde o metalcore, o posthardcore e o deathcore. Non podemos ser encasillados en ningún deles porque somos todo iso á vez.

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h



31 DE XULLO



SANNY

Sanny ➡



Sanny é unha artista de Vigo cun estilo compositivo particular que bebe do folk dos primeiros anos de Bob Dylan e do Nebraska de Bruce Springsteen, así como de artistas indie contemporáneas como Phoebe Bridgers e Sharon Van Etten. Os seus concertos íntimos e cunha gran carga emocional levárona a tocar tanto en diferentes salas e festivais nacionais como en Portugal.

Compartiu escenario e colaborou con artistas internacionais como Molly Parden ou Noel McKay. En 2019, publica o seu EP debut *Loners Downtown*. En 2022 regresa cos sinxelos '25' e 'Bird in a Cage', dous temas de indie folk intimista con melodías máis elaboradas e unha produción máis coidada. En 2023 gaña o premio CUAC FM á mellor banda galega.

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h



7 DE AGOSTO



ROXANA MOURIÑO



Roxana Mouriño, nacida na quinta provincia, é filla da onda migratoria que levou a numerosos galegos a Bos Aires. Con todo, sendo moi nena, regresou cos seus pais a Vigo, onde comezou o seu vínculo coa música. Formada no conservatorio de Vigo e posteriormente noutros espazos, desenvolveu un estilo ecléctico que definiu a súa traxectoria. Participou en múltiples proxectos tanto como solista como en grupo, destacándose pola súa creatividade.

O proxecto en solitario de Roxana Mouriño é unha viaxe musical profundamente arraigado nas raíces esencialmente mariñeiras dos lugares da súa biografía. A clave deste proxecto en solitario é sentirse vencellada as súas raíces, intimamente galegas, pero sempre dende unha óptica aberta a outras músicas e combinando estilos como a guitarra flamenca. A guitarra flamenca sorprende e atrae, especialmente nun contexto formado por cancións convencionais, e no que amais rompe barreiras de xénero ao ser interpretada por unha muller.

Comezo do concerto 21:00h



14 DE AGOSTO



Läcón SIN JRË LOS



Läcón ou Läcón sin Jrëlos é un proxecto de PostPunk en galego formado por Lacón, vocalista; Churru, guitarra; Perillas, guitarra; Neusi, baixo e Chanchullo, baterista. A banda de Läcón busca transmitir esa vibra Postpunk con cancións realmente tristes con letras simples e profundas e que dan moito que pensar se te paras un intre a analizar o concepto pero cun tono moi feliz e desenfadado!

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h



21 DE AGOSTO



MARÍA, REIRÍS QUARTET



María Reirís Quartet é unha proposta musical formada por Guillermo Guerrero á guitarra, Juan Alonso ao baixo, Juan Guerrero á batería e María Reiris á voz. O seu repertorio inclúe boleros clásicos, bossa nova e standards de jazz entre outros.

SOLITA

Comezo do concerto 21:00h